



[www.oqueleo.com](http://www.oqueleo.com)

© 2017, Jaureguizar

© Desta edición:

2018, Santillana Infantil y Juvenil, S. L. e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-27-3

Depósito legal: M-1076-2017

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: xuño de 2018

Dirección da colección:

Ana M.<sup>a</sup> Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Julia Ortega  
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,  
comunicación pública ou transformación desta obra  
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,  
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO  
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org))  
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

# O Bosque Pálido

Jaureguizar

oqueleq



*Esta novela vai para as tres xeracións  
de Jaureguizar que manteñen en pé Basazuri  
(O Bosque Branco).*



«Atravesei océanos de tempo para atoparte.»

BRAM STOKER

*Drácula*





Os meus pais *saben* o mellor para a miña educación. A miña nai, Eva, *sabe* o mellor para a miña educación e o meu pai, Adam, *sabe* o mellor para a miña educación, pero *saben* cousas diferentes. Instituto público, instituto concertado, clases de zumba, equipo de voleibol, clases de Matemáticas... Poden discutir durante horas e horas, días e días, e nunca chegar a un acordo. O mellor para que eu medre coma unha persoa normal sería que non berrasen o meu nome decontino. Esta primavera sorprendéronme, e sorprendéronse eles. Estaban gritándose sobre as actividades convenientes para mellorar a miña educación e descubriron que dicían o mesmo:

—Lidia tería que veranear nun sitio en que falen inglés para que se solte! —apuntaba Adam.

A súa proposta indignaba a mamá, que nin a escoitara.

—O mellor para a miña rula é que dedique o verán a mellorar o seu inglés no estranxeiro!  
—sinalaba Eva.

Adam tiña unha idea que lle parecía mellor.

—Fala inglés comigo. O que precisa é aprender a valerse por si mesma! Ninguén lle vai regalar nada!

10

—Con 13 anos xa ten idade para espelirse! Lidia debe lanzarse ao mundo! O inglés non é tan importante, Adam. Fálalles inglés dende que naceu!

Berraban tanto que non se escoitaban. De súpeto, quedaron calados mirándose aos ollos.

—Inglaterra! O mellor para Lidia é aprender inglés onde mellor o falan! —opinou papá.

—Escocia! —retrucou mamá—. A rapaza terá que coñecer a súa familia paterna algún día...

—Sabes que non quero que colla o acento e o vocabulario escoceses. Non a vou mandar a Escocia para que se lle peguen. Irá a Inglaterra! Non che vou descubrir o pesados que son os ingleses co dos acentos. Pensan que o único bo é o seu.

Debateron durante media hora e, ao cabo, o meu pai rendeuse:

—Fai o que che pete. Eva!

—Farei —contestou mamá—. Ao cabo, a nena vive comigo. A ti nin te ve, Adam...

E fixo. Mamá atopou por Internet «a mellor opción para Lidia».

«Estarás afastada do mundo nunha pequena illa habitada por británicos e avanzarás un paso de xigante con esa lingua. É unha especie de parque temático», explicoume mamá. Eu *sei* que o mellor para min é gozar das vacacións cos meus amigos, pero mamá non me deixará. Ela decide porque o meu pai, Adam, é enxeñeiro de son e traballa con grupos de música. Bota as noites sonorizando concertos por Europa adiante, ou gravando discos de bandas nun estudo que ten no medio do campo, entre vacas e ovellas. Cando non está traballando, bota uns días na casa e lévame a un McDonalds, a un Pizzamóvil ou a xogar ao billar americano, que lle presta moito. Adam era o guitarrista dunha banda de rock, Adam e Os Paraísos Perdidos. O grupo fracasou porque o meu pai nunca aparecía á hora de comezar os concertos. Ten un oído perfecto e toca varios instrumentos, pero é incapaz de crear unha melodía.

Vexo pouco ao meu pai. Falamos polo Skype máis que en persoa. Calza deportivas Converse,

coma min, e viste camisetas dos Rolling Stones, de AC/DC e dos Ramones, malia que nunca acerta co talle: adoita ser demasiado grande ou ridículamente pequeno. Afortunadamente, cobre todo cunha cazadora de coiro negro e de cremalleiras, que debeu ser das primeiras que se fabricaron porque está cotrosa. Xa que teima en levar melevina, malia que cada vez ten máis canas, gustaríame que, cando menos, se barbease con máis frecuencia. Dáme vergoña que me vexan cun home tan desleixado, cun señor que leva aneis de caveiras e serpes. Adam fáleme das cousas que lle acontecen «na estrada» cando vai de xira cunha banda de rock, das parvadas que fan os músicos esnaquizando cuartos de hoteis ou mexando nas escaleiras que soben ao escenario. Como é infantil, fanlle graza esas falcatruadas. Ri con forza, botando a cabeza para atrás. Papá é bo coma un queixo con pan, pero gustaríame que fose máis maduro.

Parézome fisicamente a mamá. Ambas as dúas temos os ollos verde botella e a cabeleira negra coma as cascas dos mexillóns. Adam ten pouco atractivo. O seu nariz grande está picado como se o

atacase un enxame de avespas. As súas orellas son desmesuradas; a boca, grande. Eva admiraba o guitarrista sobre o escenario, o home que aparecía nas capas dos discos xunto aos máis grandes músicos. El deixou que mamá amase a estrela do rock. Todo cambiou cando empezaron a falar. Mamá confesoume unha vez que se namorou da súa voz grave e fonda coma un túnel.

13

Ao contrario que mamá, Adam aconséllame que o pase ben mentres poida, «que a mocidade logo se acaba e hai que gañar os garavanzos». Eu ignoro por que fala de garavanzos, dado que el sobrevive a base de McBurguer, pizza catro queixos e cervexa. Mamá faime comer garavanzos porque teñen «oligoelementos». Un día pregunteille a papá:

—Que máis che ten onde pase quince días das miñas vacacións?

—Dáme igual, nena. Unicamente quero que o pases ben, pero non podoo deixar que mamá decida todo sobre ti sen participar. Eu son o líder da banda, lembras?

Como filla de Adam e Eva, os meus pais queren que estea sempre no Paraíso. Se chegasen saber o inferno ao que me ían mandar, non discutirían.



Mamá atopara en Internet unha páxina en que se promocionaban tempadas nunha illa situada a sete quilómetros da Costa, en que se podía convivir cunha colonia de británicos asentados nela dende o século XVIII. Daquela, pensara que prefería terme separada dela por sete quilómetros antes que mandarme ao Reino Unido, que quedaba moito máis lonxe.

Unha mañá solleira de principios de xullo subimos ao coche para ir ata A Costa. Os meus pais, Adam e Eva, botaron a viaxe berrando e desculpándose. Tamén deron mostras de cariño. Estiveron así dende que saíramos da casa, unhas tres horas antes. Eu escoitaba música na tableta, pero non me daba concentrado pola lea que tiñan montada dentro da rancheira. Conducía mamá, coma sempre; porque non lle deixaba o seu Audi a papá.

A miña nai falaba e falaba coma se tolease. Soltaba as mans do volante para xesticular e explicarse mellor. A pesar de que ela escollera o destino, intentaba que non fose quince días a unha illa perdida, argumentaba que era nova de máis. Non reparaba en que eu era a delegada da clase dende un ano antes, nin en que xa saía coas amigas os sábados pola tarde. Adam contestoulle que sempre fora «madura e responsable». A seguir, dixo que debería saír da casa porque tiña idade abonda «para aprender de que vai a vida». Mamá retrucaba que había malas persoas dispostas a facerme dano polo mundo adiante e papá razoaba que debería prepararme para enfrontarme a elas. De calquera xeito, Adam negouse a volveuse atrás.

—Lánzaste a tomar decisións e despois arrepiñínteste —reprochoulle—. Pois agora non hai volta atrás. Debes ser coherente, Eva.

Entre berro e berro, entre agarimo e agarimo de Eva e Adam, entre mosquitos batendo contra o parabrisas e o aire acondicionado a tope, chegamos ao destino. Era unha aldea dunhas vinte casas, que lucían ao sol bravo da mañá. O salitre entraba polo nariz e coábase ata a parte máis baixa dos pulmóns.



As casa estaban pintadas con cores vivas: vermella, verde, amarela, azul...

Mamá calara. Semellaba resignada a que eu botaría medio mes illada, pero xurdiu outro asunto para discutir. A miña nai metera o Audi por entre as ruelas da aldea e, en cada xiro, as casas quedaban a uns centímetros dos retrovisores e das aletas traseiras. Baixou a temperatura do climatizador. Suaba polos nervios.

—Nin o chófer dunha orquestra de principiantes conduciría tan mal —observou Adam con ton de burla.

—Déixame en paz! Bastante difícil é meter o coche por estas rúas!

Mamá atacoume para desviar a atención:

—E ti, Lidia? —díxome—. Pensas que vas correctamente vestida para ir a esa illa e presentarte na casa dunhas persoas que non coñeces?

Eu nunca fun a raíña de Instagram. Mamá di que poucas rapazas son tan guapas coma min, que a todas lles gustaría mirar cos meus ollos verdes e peitear a miña cabeleira morena, que hai poucos narices tan harmoniosos coma o meu. Nunca souben se o pensa ou é un xeito de dar-me moral. Si

teño claro que non lle gusta o meu xeito de vestir. Opina que é masculino. Ese día levaba postos unha camiseta e un pantalón curto Gant, un suadoiro Adidas Originals e uns tenis Munich.

—Vou provocar a envexa desa xente, mamá —dixen para que me deixase tranquila.

18 —Non deberías contestarme con ese descarol!  
—protestou a miña nai, que se desgustou aínda máis porque papá sorriu burlonamente.

Mamá quería que levase unha maleta grandísima chea de roupa. Fora cousa dela porque eu soamente lle pedín que me metese o meu pixama favorito, un con figuras de Minnie Mouse bailando. Papá enfadárase, entregárame unha mochila e mandárame facer a equipaxe.

—Tes que empezar a tomar as túas decisións. Vestir é a primeira —dixérame.

Cando chegamos ao peirao, mamá tiña a cara amarelenta, como se padecese febre, pero o Audi estaba intacto. O porto era ben cativo. Uns montóns de redes compartían sitio con chalanas coa pintura aberta e seca. Non había ningún barco novo, polo que supuxen que zarparan para pescar. O mar e as embarcacións brillaban luminosas. As

lanchas eran vermellas, verdes, amarelas e azuis. Cada cor correspondíase coa dun edificio. Supuxen que cada mariñeiro pintara anos atrás a súa barca a ton coa súa vivenda para recoñecela cando regresaban dende o mar a porto. Dende aquela, consentiran que o salitre comese a pintura.

Reparei nun home maior vestido de escuro, con lentes de sol, que agardaba na rampla de embarque, un barquiño con cabina no centro que estaba atracado.

19

—Ese debe de ser Míster Winterspoon —apuntou meu pai.

Baixou e abriu a porta traseira do coche. Recolleu a miña mochila no maletreiro e marchou cara ao embarcadorio.

Mamá saíu do coche, deume unha aperta longa e volveu meterse sen dicir nada. Deume a sensación de que estaba chorando.

O meu pai falaba co señor que me había de levar ata a illa. Ao achegarme non sei que me estrañou máis, se o aspecto e a vestimenta daquel señor ou que papá o mirase con normalidade. Levaba un sombreiro grande de aba ancha. O pelo de Winterspoon era dun louro case que

transparente, tamén as cellas. Mirando baixo as súas lentes de sol, reparei en que levaba un parche negro no ollo dereito. Os seus beizos parecían finos coma fideos. Unhas patillas anchas e grosas ocupábanlle boa parte das meixelas e facían que aparentase aínda máis delgado do que era. Vestía un traxe coma os que se ven nas películas do século XIX, ou mellor, nas do século XVIII. Unha levita negra cubría un chaleco que deixaba ver unha camisa branca. Os pantalóns chegaban ata os xeonllos e daban paso a uns calcetíns brancos cubertos por uns zapatos de cor escura curiosamente suxeitos por unha fibela dourada. Tiña un gancho en vez de man dereita e movía a perna desa mesma banda con rixidez, coma se fose de plástico no canto de ser de carne e óso.

Semellaba levar présa. Quitou un curioso reloxo do peto e dixo, en inglés, que había que marchar porque íamos atrasados. Papá explicoulle que non puideramos ser puntuais porque fixeramos unha viaxe de tres horas.

—Ten vostede unha filla ben xeitosa, señor. Felicítoo —observou Mister Winterspoon.

Despois de pedirme que enganchase a mochila no seu garfo, tendeu-me a man que lle quedaba para axudarme a saltar ao barco. Cando pousei os pés na embarcación, Míster Winterspoon fixo algo estraño. Achegouse a min, sorriu e abrazoume con forza.

—Como te chamas, princesiña?

—Lidia, señor —contestei con timidez.

21

—Cantos milleiros de veces che dixeron o guapa que es?

—Unhas cantas, señor.

—Daquela non cho vou repetir. Ben, imos aló. Estás preparada para vivir unha emocionante aventura, Lidia?

—Si, claro.

—Vaiche encantar a nosa illa, xa verás. O clima non é o mellor, pero os veciños son cariñosos e acolledores.

Separouse e advertiume sinalando a mochila:

—Supoño que os teus pais xa che comentaron que nada de reloxo, nin móbil. Está prohibido todo o que te distraia do teu obxectivo de aprender inglés. Se che atopamos algo unha vez estea na illa, serás expulsada —recordou dun xeito mecánico.

—Pero non poderemos saber como está?  
—repuxo papá.

—Estará ben. Non pode falar outra lingua ca a inglesa mentres estea na illa.

—Pero comigo fala inglés... Lidia sabe falar inglés. Soamente pretendo que se afaste un chisco da súa nai e que aprenda a manexarse por si mesma.

22

—Lidia é unha nena lista. Logo aprenderá a manexarse na illa —sinalou Míster Winterspoon sorrindo abertamente—. Permítame insistir en que non haberá contacto coa familia nin cos amigos. Preocúpese de volver dentro de quince días. A esta mesma hora. E ten que ser puntual, non me gusta agardar. No caso de que haxa mala mar, fareillo saber porque teremos que adiar a cita. Hoxe temos augas tranquilas, pero non son de fiar.

Papá agachouse para abrir a miña mochila.

—Queres que mire eu?

—Non. Despois da discusión coa túa nai, non quero que te devolvan mañá para a casa por lebares cousas prohibidas.

Quitou a tableta, e despois pediume o reloxo e o móbil. Quería mandar unha mensaxe de despe-

dida ás miñas amigas, pero Mister Winterspoon non paraba de meternos présa. Púxenme triste. Espero que Andrea o entendese.

De súpeto, mamá baixou do coche. Foi ao maleteiro. Quitou unha gran maleta rosa e un neceser de man. Correu cara a nós tirando por ela. As rodas facían moito ruído sobre a pedra do peirao.

—Preparei unhas cousiñas para a miña pequena! —berrou—. Algo de roupa decente para cambiarse, unhas fotos de familia, unhas bolsas de lambetadas, unha crema hidratante... catro tranquilladas.

—Escusa de traela, señora —avisou severamente o señor Winterspoon cun aceno—.

—Con todo o que preparei... Non pode ir espida!

—Lidia non precisa de nada, créame, señora. Nós proporcionaremoslle toda canta roupa necesite e temos un xabón natural que lle sentará marabillosamente á súa pel.

Mamá parou e regresou ao coche para deixar a maleta.

—Teño que usar roupa prestada? —preguntei horrorizada. Todo o que puxera prestado ao longo

da miña vida foran camisas e pantalóns que lle pedía prestados a Andrea.

—Seguro que hai algunha rapaza na illa que usa o teu talle, cariño. Tes un tipo estupendo, pero nós tamén temos mozas feitiñas.

24 A prohibición de levar o meu vestiario era peor que a de levar móbil. Vestir unha roupa que che queda grande ou que che manca nos sobrazos polo cativa que resulta é unha tortura. A maiores, reparando na indumentaria de Míster Winterspoon, temía que os traxes que había de poñer serían de época.

Mamá abrazoume chorando. Semellaba preocupada por confiarme a aquel señor tan singular, aínda que parecía agarimoso. Papá tamén me abrazou. Intentou non chorar. Míster Winterspoon debía de estar afeito ao dramatismo das despedidas porque se mantivo calado. Ocupouse en colocar unhas bolsas da compra que tiñan cebolas, queixo Cheddar e manteiga no interior da cabina.

—Ai, princesiña... —decía a miña nai.

—Tranquila, mamá. Vou estar ben e, para cando me estrañes, terasme de volta.



—Xa te boto en falta, pequena.

A pesar de todo o seu amor, non puido evitar facer un comentario típico de nai:

—Vas coller frío con eses pantalóns curtos.

—Vai calor, mamá —contestei sinalando o sol.

—Está ben que amoses as pernas, cariño. Telas feitiñas, pero no barco vas coller frío.

25

O patrón volveu quitar do peto o seu reloxo e volveu torcer a boca, como indicando que nos estabamos atrasando de máis. Papá agarrou a mamá polos ombreiros para que me deixase marchar.

—Non me gusta nada ese tipo, Adam —bisboulle mamá a papá—. Non sei, chámao instinto de nai se queres, pero hai algo que me fai desconfiar e non sei que é.

—Sempre xulgas a xente pola súa aparencia, Eva, e cometes un erro. Eu teño convivido en autobuses de xiras longas con músicos moito máis estrafalarios que eran unhas excelentes persoas. Xa viches que é un señor agradable e que se preocupa por Lidia. A nena vai estar ben coidada, xa verás.

O inglés prendeu o motor e soltou os cabos. Nada podía facer xa, á parte de prepararme para a aventura máis bonita e horrible de tantas vivira.